

Aulas abertas

_ACTIVIDADES

IES LAGOA DE ANTELA

Un Día do Libro con moito premio

O INSTITUTO DE XINZO conmemorou o mes da lectura con concursos e lembrando a importancia da súa biblioteca

O mes de abril é o mes dos libros e, para celebralo, a biblioteca do IES Lagoa de Antela de Xinzo de Limia organizou varias actividades e continúa con novas estratexias para potenciar o hábito de lectura do alumnado. O acto central tivo lugar o propio 23 de abril, o Día do Libro, no que o centro tivo diferentes propostas, como repartirlle a toda a comunidade educativa o marcapáxinas gañador do concurso, deseñado por Nerea Paz, de terceiro de ESO.

Tamén presentaron a exposición de fotografías con traballos feitos polos alumnos do instituto. Os gañadores do concurso fotográfico foron Leo Rodríguez, Paula Andrade e Paula González. A entrega destes galardóns fíxoa Noelia Caseiro antiga alumna do centro e fotógrafa profesional, que formou parte do xurado.

A biblioteca do IES Lagoa de Antela forma parte do Plan de Mellora de Bibliotecas Escolares en centros públicos non universitarios (Plambe) da Xunta de Galicia dende hai 17 anos e recibiu o recoñecemento como unha das 50 mellores bibliotecas de Galicia. Para as súas actividades conta cun equipo de alumnos voluntarios. Son Rodrigo Díaz, Nerea Paz, Mateo Rua, Paula Andrade e Jeremy Oyola.

Para eles, o traballo que desenvolven é unha satisfacción e, como axudantes da biblioteca, desenvolven un traballo "sinxelo pero que require de paciencia e constancia; paciencia porque ó principio unha biblioteca parece algo inabarcable e constancia porque hai que ordenar moito e tárdase un tempo considerable". Así o explica Rodrigo entendendo que "entrenar estas dúas capacidades é algo importante para case calquera tipo de traballo".

Pola súa banda, Paula e Nerea comezaron por petición da profesora Ana os luns pola tarde e consideran a experiencia "moi entretida".



Leo Rodríguez, gañador do primeiro premio.



Noelia Caseiro entregou os premios de fotografía.



Paula Andrade, segundo premio.



Rodrigo Díaz, Nerea Paz, Mateo Rua, Paula Andrade e Jeremy Oyola son os axudantes da biblioteca.



Paula González, terceiro premio.



Nerea Paz, gañadora do concurso de marcapáxinas.